



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Política económica, programación e converxencia rexional

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2006
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Formar os funcionarios/as no papel que as políticas económicas desempeñan na construción da UE, nomeadamente as políticas de cohesión e converxencia entre os territorios e os estados membros. Dar a coñecer os instrumentos financeiros que a UE pon a disposición destas políticas e como se trasladan a aqueles territorios menos desenvolto. Especial referencia á historia da programación na Comunidade Autónoma de Galicia: PDR, Pedega e Mecega. O novo período de programación 2007-2013 que presenta novos desafíos coa ampliación da UE a 25 membros e supón un xiro notable nas políticas de cohesión. Revisión dos novos instrumentos de programación e metodoloxías da avaliación ex ante dos programas.

DESTINATARIOS

Funcionariado dos grupos A e B, e persoal laboral dos grupos I e II da Xunta de Galicia.

PROGRAMA

A política económica nos tratados da UE e no proxecto de Constitución europea. Papel da cohesión no proceso de construción europea. Instrumentos financeiros ao servizo da política de cohesión económica e social. Resultados da política de cohesión: III Informe sobre a cohesión económica e social.

Contribución das políticas comunitarias á programación económica en Galicia. A planificación estratéxica e a programación de investimentos desde o ano 1989: PDR, Pedega. Balance da programación dos fondos comunitarios: o proceso de converxencia da economía de Galicia. Novo período de programación 2007-2013: novos desafíos da política de cohesión a partir da ampliación da UE de 25 estados. Orientacións estratéxicas da UE para o novo período. A axenda de Lisboa renovada. O plan nacional de reformas. Os marcos estratéxicos nacionais de referencia. Formato e contido. A programación dos fondos estruturais (Feder, FSE), Fondo de cohesión e sectoriais (Feader e FEP). A avaliación ex ante dos programas: análise de coherencia. A avaliación estratéxica medioambiental e avaliación da igualdade. As prioridades estratéxicas de Galicia no novo período: o Mecega.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Terá preferencia o persoal que desempeñe no seu traballo tarefas relacionadas co obxecto do curso, o cal deberá certificarse polo responsable de departamento no que estea destinado.

3. DATOS EDICIÓNS

AU06AAM001SA

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 18/09/2006 a 03/10/2006

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE